

## ORGANIZACIÓNS ECOLOXISTAS PIDEN Á XUNTA QUE REMATE COA CAZA DE AVES EN PERIGO DE EXTINCIÓN EN GALIZA

**A conícora (*Vanellus vanellus*) e a agacha (*Gallinago gallinago*) poden ser cazadas malia a estar incluídas no catálogo Galego de Especies Ameazadas como “en perigo de extinción”**

*Compostela, marzo de 2014.* Na xuntanza do Comité Galego de Caza celebrada o pasado 21 de marzo, o representante das organizacións ecoloxistas pediu á Xunta que prohiba a caza da conícora (ou avefría) e da agacha (ou becacina) en Galiza a partires da vindeira tempada 2014-15, alomenos até que se aproben os respectivos “planos de recuperación” obrigatorios por lei para estas especies.

O Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) considera “en perigo de extinción” ás poboacións reprodutoras de conícora (*Vanellus vanellus*) e agacha (*Gallinago gallinago*), debido a que a súa “supervivencia é pouco probable se os factores causantes da súa actual situación seguen actuando” e débense elaborar os correspondentes “planos de recuperación” destas dúas especies.

Malia á grave ameaza da extinción e ao descoñecemento dos movementos dispersivos e migratorios das poboacións reprodutoras galegas, tanto a conícora como a agacha considéranse especies cazábeis durante a tempada cinexética en Galiza (só as poboacións non nidificantes) polo que existe o risco de que exemplares reprodutores, xa que logo considerados “en perigo de extinción”, sexan abatidos durante a tempada de caza.

En Europa, a tendencia dende 1980 amosa que as poboacións de conícora (*V. vanellus*) e agacha (*G. gallinago*) están a sufrir un declive moderado e estatisticamente significativo, baseado nos datos provisionais para 21 países nos que se avalían as tendencias poboacionais das aves comúns (BirdLife International, 2014).

Se ben a meirande parte das poboacións de conícora (*V. vanellus*) son completamente migratorias, algunhas poboacións reprodutoras nas rexións máis temperadas son sedentarias (del Hoyo et al. 1996), polo que existe un risco certo de que durante a tempada de caza en Galiza se abatan conícoras que poderían tentar a cría. A información dispoñíbel para a agacha (*G. gallinago*) tampouco permite confirmar ou desbotar esta posibilidade polo que, en aplicación do principio de precaución, tamén debería vedarse.

A poboación global de conícora (*V. vanellus*) está concentrada en Europa onde as poboacións reprodutoras eran bastante estábeis até 1990, pero dende entón a especie sufriu un forte declive (maior do 30%). En consecuencia, a nivel europeo, esta especie que previamente gozaba dun estatus “seguro” agora está clasificada como “vulnerábel” (European Commission 2009). A conícora (*V. vanellus*) só se caza en Francia, España, Italia, Malta e Grecia e a caza considérase como unha ameaza de nivel medio (European Commission 2009).

As organizacións asinantes lembramos a Conservación da Natureza que debe garantir a protección destas especies ameazadas en Galiza, sendo a súa conservación prioritaria sobre calquera outro aproveitamento, incluída por suposto a caza. Seguir permitindo a súa caza suporía unha irresponsabilidade e unha grave deixación de funcións: Ante a dúbida sobre o estado destas especies, o primeiro é investigar e aplicar o principio de precaución, non

disparar.

## Referenzas

BirdLife International (2014) IUCN Red List for birds. Downloaded from <http://www.birdlife.org> on 21/03/2014.

del Hoyo, J.; Elliott, A.; Sargatal, J. 1996. Handbook of the Birds of the World, vol. 3: Hoatzin to Auks. Lynx Edicions, Barcelona, Spain.

European Commission. 2009. Lapwing *Vanellus vanellus*. European Union Management Plan 2009-2011. 58 páx

Asinan,

